





ENTRAMBOSRÍOS-RABACALLOS

Outono no Canón do Sil




Distancia: 6 km (circular)

Dificultade: media



Unha camiñada para coñecer e gozar do estreito val do rego do Batán, no concello de Parada do Sil, un val fondo dun curso de curto percorrido que baixa desde as estribacións do monte Meda ao Sil. Un percorrido de interese natural –paisaxístico e ambiental- e etnográfico no que imos atopar varios muíños, sequeiros, soutos e viñas en socalcos, e sobre todo árbores de folla caediza, do clima atlántico, e de folla permanente, mediterráneas.

A ruta transcorre enteiramente por terreo protexido no LIC/ZEC “Canón do Sil”.



Rego do Batán

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018



Rego de Fiós, afluente do Batán



Rabacallos

PERCORRIDO


Pola estrada de Parada do Sil á Teixeira o primeiro lugar que atopamos é o núcleo da parroquia de **Chandrexa** e nel collemos o cruce que vai á igrexa, seguindo os indicadores de “Rectoral de Chandrexa” un local de turismo rural. Ao pé da igrexa deixamos o coche e camiñamos cara á estrada. Antes de entrar nela temos, á dereita, un camiño, con indicadores de ruta de BTT, polo que nos metemos. O camiño vai baixando de vagar ata que, a cousa de 1 km, chegamos ao nivel do río onde hai un desvío á dereita que seguiremos despois porque agora subiremos a

Entrambosríos, uns 300 m adiante, onde despois de cruzar o lugar temos na parte de arriba, á esquerda, unha estrada.

Camiñamos por ela ata pasar a curva e alí, entre a estrada e o río atopamos un dos obxectivos da nosa viaxe, o castiñeiro de case 10 m de perímetro que está incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza. Baixando polo souto temos, do outro lado do rego, os muíños e chegamos ao pé da pontella que cruzamos cando subimos. Seguimos camiño abaixo, xa de volta por onde viñemos, ata o desvío que agora colleremos seguindo os indicadores branco-amarelos, cruzamos o rego e xa non temos máis que acompañalo no seu correr cara ao Sil (aproveitando para gozar dos verdes dos brións e dos fentos, das cores das follas de outono, dos cogomelos, do paso fugaz ou do chío sorprendido de algún paxaro...) ata chegarmos á **Sapeira** onde o camiño conflúe cunha pista pola que temos que ir cara á dereita, cruzar a ponte e comezar a subida para chegar a **Rabacallos** e seguir subindo, con calma, durante algo máis de 2 km para superar case 200 m de desnivel, pola beira dunha estrada sen tráfico para ver agora desde fóra o bosque polo que viñemos, que cubre os case 300 m de altura das abas do val, no que se mesturan e se distinguen polas cores: rebolos e carballos, castiñeiros, cerdeiras... e nas zonas máis húmidas salgueiros, pradairos, bidueiros, amieiras...; e da outra beira do Sil, vexetación verde-gris, na que destacan as sobreiras, nos terreos que non se poden cultivar, e os terreos cultivados nos que medran as viñas.

Rematados os 2 km de subida chegamos a outra estrada, ao pé dunhas casas, pola que a 200 m á dereita pechamos o percorrido.

Desde Entrambosríos pódese seguir ata Parada do Sil por sendeiros sinalizados.



Rabacallos e Canón do Sil





Fraga nas abas do val do rego do Batán. Ao fondo Entrambosríos.




A sapeira, no Canón do Sil



Monte de San Vitoiro



Un pequeno rego afluente do Batán



Canón do Sil

Castiñeiros monumentais



Castiñeiro de case 10 m de perímetro en Entrambosríos, incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.




Trs castiñeiros que superan os 7 m de perímetro.



A fraga no outono agasállanos con numerosos matices de cores que diferencian as distintas especies: cerdeiras, carballos, castiñeiros, bidueiros, pradairos, acivros...
O interior está poboado de numerosas especies que viven no solo do bosque, sobre as árbores, ou aproveitando os restos de materia orgánica.



Toro caído dun vello castiñeiro



Fentos, brións,
fungos, liques...
Aparecen no outono
por todo o bosque.

